

Obradoiro Deseño da natureza 2018

1. PLANTEAMENTO

A actividade concíbese como un Obradoiro Permanente de Debuxo e Pintura da Natureza que introducirá aos usuarios nas técnicas empregadas na realización de bosquexos de campo e no traballo na natureza.

Nunha segunda fase chegaría ao labor no estudio, para a preparación das artes finais, orientadas tanto para a súa exhibición como para a súa publicación.

2. OBXECTIVO

Espallar unha disciplina artística pouco practicada na nosa contorna e capacitar aos usuarios para a realización de todo o proceso, non concibido exclusivamente como "materia artística", senón como desenvolvemento das capacidades expresivas e a habilidade persoal, que permita a recolla de datos gráficos directos e personalizados.

En segundo termo, crear un viveiro de debuxantes da natureza, tentando artellar un grupo de persoas interesadas neste eido, mantendo a actividade no tempo, a traveso da actividade en plena natureza.

3. DURACIÓN

A mecánica inicial da actividade consiste na realización dunha saída ao campo, de carácter teórico-práctico, aínda que, como alternativa e segundo as necesidades, poderíanse combinar con actividades nun local.

Periodicidade: cada mes unha sesión cunha duración de entre 4 e 8 horas.

Horario: orientativo, a acordar segundo a época do ano, de 10:00 a 14:00 e, no caso de desenvolvérense en xornada completa, ate as 18:30.

4. PRAZAS

O tope máximo de asistentes será de 20 persoas e o mínimo de 10.

5. TARIFAS. 20 € Socios / 30 € non socios

O material de traballo vai por conta dos participantes. A organización fornecerá o material didáctico e de apoio necesarios.

6. PROGRAMA

Impartiranse coñecementos de debuxo e pintura realista, orientado á temática da natureza en senso amplo. Avanzarase gradualmente, segundo as necesidades e demandas dos usuarios, aplicando unha atención personalizada, polo que se seguirá un programa orientativo e adaptado ao ritmo dos participantes.

O programa desenvolverase a xeito de Obradoiros temáticos, que poden abranguer unha ou varias sesións, segundo se considere necesario.

1. Obradoiro de Iniciación. Conceptos básicos de debuxo. Marzo

Conceptos básicos e consellos de execución.

Materiais artísticos.

Debuxo científico vs debuxo artístico. Debuxo analítico vs debuxo xestual.

Técnicas Básicas: Encaixe e proporción / Grafismo-liña de contorno e xestual / Texturas / Luz e sombra).

Composición.

2. Obradoiro Debuxando Rastros e pegadas. Abril

O Caderno de campo.

Organización do traballo / Iluminación.

Debuxar esqueletos.

Debuxar prumas, sinais e rastros.

3. Obradoiro Debuxando Plantas. Maio

Árbores, arbustos, plantas. Estrutura xeral.

Cómo debuxalas / Uso da liña / Texturas
Material óptico-Lentes de aumento.

4. Obradoiro Debuxando Artrópodos. Xuño

Insectos, arañas e outros bichos.
Análise da forma: Anatomía animal. Nomenclatura
Conceptos básicos e Técnicas específicas.
Observación e Retentiva I.
Material óptico (Uso e técnicas).
Observación de animais salvaxes I.

5. Obradoiro Pintando a Natureza. Xullo

Teoría e Uso da cor. Cor luz vs Cor pigmento.
Conceptos básicos e Técnicas específicas.
Exercicios preliminares.
Perspectiva artística 2.

6. Obradoiro Debuxando a paisaxe. Setembro

Encadre e Composición.
Uso da liña e texturas.
Valoración tonal da escena.
Perspectiva artística.

7. Obradoiro Debuxando Animais. Outubro

Análise da forma: Anatomía animal. Nomenclatura
Conceptos básicos e Técnicas específicas.
Observación e Retentiva II.
Material óptico (Uso e técnicas).
Observación de animais salvaxes II (Técnicas de aproximación, axexo e camuflaxe).

8. Obradoiro Debuxando Cogomelos. Novembro

Fungos e Cogomelos. Estrutura xeral.
Cómo debuxalas / Uso da liña / Texturas
Material óptico.